




Toxicidade e violencias machistas nas redes sociais.

Estudo cualitativo entre o alumnado da Universidade de Vigo

X. Martínez-Rolán, T. Piñeiro-Otero, L. Castro-Souto, G. Padilla-Castillo, A. Barrientos-Báez e D. Caldevilla


No estudo 'Toxicidade e violencias machistas en Instagram' (2022) no que participaron >600 estudantes da Uvigo constatamos a elevada toxicidade desta rede social (acoso, violencias sexuais, odio...) así como a súa normalización.



obxectivos

- Explorar a percepción dos estereotipos de xénero e a súa influencia na creación de contidos e na autopercepción e autorrepresentación nas redes sociais
- Afondar na percepción i experiencias de acoso e outras formas de violencia dixital
- Coñecer percepción de sexismo, misoxinia e discurso do odio nos contidos dixitais
- Analizar as vivencias e posicionamentos respecto á violencia de control

método e participantes



algunhas conclusións


Os **estereotipos de xénero afectan de maneira significativa á comunicación en liña** e á representación do estudantado nas redes sociais. Observouse que a personalidade e a percepción de xénero inflúen en como interactúan nas redes sociais e **como esperan a ser tratados** por outras persoas usuaria.

Nos grupos de discusión púxose de manifesto, ademáis, a **presión** destes estereotipos **na súa autorrepresentación** (on e offline) dende idades moi temperás.

As experiencias compartidas reflectiron unha **conciencia clara respecto ao acoso e outras formas de violencia dixital**. Discutíronse estratexias comúns de resposta, como bloqueo de usuarios denuncia na plataforma, amosando a necesidade de medidas preventivas e reactivas.

Non entanto sinálase unha **diversidade de perspectivas e posicionamentos sobre o control dixital dentro dunha relación**: do recoñecemento da súa toxicidade (violencia de control) a consideralo parte das dinámicas modernas de parella.

+ sobre o proxecto



Imaxes de Flaticon.com